

RIZOS DE OURO E OS TRES OSOS

Texto e ilustración OLIVIER DOUZOU

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Cartoné. 22 x 28 cm. 40 páx. 16,00 €

[Rizos de Ouro e os tres osos](#) (galego)

ISBN 978-84-13431-41-3. Álbum ilustrado. Demademora.

[Rizos de Oro y los tres osos](#) (castellano)

ISBN 978-84-1343-142-0. Álbum ilustrado. Obras de autor.

[Rínxols d'Or i els tres ossos](#) (català)

ISBN 978-84-18558-35-1. Álbum il.lustrat. Obres d'autor.

Moi preto dun bosque

vivía unha nena

á que lle chamaban Rizos de Ouro.

Un día, Rizos de Ouro decidiu

adentrarse no bosque.

A protagonista deste conto lánzase á aventura de procurar o seu lugar no mundo coas ferramentas da fantasía e a curiosidade. Presentámoslles aos nosos lectores unha versión moderna e innovadora do conto clásico “Rizos de Ouro e os tres osos”, que por primeira vez documentou o poeta inglés Robert Southey en 1837 a partir da tradición oral.



Esta nova adaptación achega a vivacidade duns escenarios e uns personaxes xurdidos da síntese ortotipográfica.

O autor, Olivier Douzou, transforma os signos facéndonos sorrir: o 0 amarelo é Rizos de Ouro; o 1, un peto; o 4, unha cadeira e o 3 horizontal, as orellas do oso.

Este álbum, cargado de humor e creatividade, propón unha reflexión sobre os límites da liberdade individual. Os máis pequenos identificaranse coa incredulidade e a decepción do oso máis miúdo intuindo que a curiosidade de Rizos de Ouro ten consecuencias inevitables.

A obra de Olivier Douzou pretende estimular a percepción do lector de calquera idade á vez que convida a xogar co grafismo, presenza constante nas nosas vidas.

A súa formulación estética entra así, de maneira natural, dentro da corrente do simbolismo abstracto en ilustración.



■ **Temática:** contos clásicos, tamaños, números, humor, creatividade, imaxinación, deseño, arte, composición, vangardas artísticas.

■ **Idade recomendada:** a partir dos 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** os tamaños, o número tres, a casa e a súa distribución interna, a familia, a curiosidade, a sorpresa, educación estética.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/rizos-de-ouro-e-os-tres-osos-g>

Olivier Douzou

(Rodez, Francia, 1963)

Graduado en Arquitectura, escritor, ilustrador, deseñador gráfico e especialista en comunicación visual. Entre 1988 e 1993 foi director artístico dos estudos gráficos Agora XXI e Design Strategy. Coa publicación do álbum “Jojo la Mache” en 1992, iniciou a súa carreira profesional como ilustrador. Un ano despois foi nomeado director artístico de Editions du Rouergue, onde permaneceu ata 2001. Posteriormente dedicouse ao deseño gráfico e cofundou a editorial l’Ampoule especializada en libros ilustrados para público adulto. Dende 2011 ocupa o cargo de director editorial da sección infantil e xuvenil de Editions Du Rouergue. Publicou ao redor de sesenta títulos e obtivo, entre outros recoñecementos internacionais, o Premio da Feira de Boloña 1999 e o Baobab do Salón do libro de Montreuil, en 2006. Os seus libros foron traducidos a diferentes linguas. Está considerado como un dos grandes renovadores contemporáneos do libro infantil, tanto na forma como no contido.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com